

FICHA 7

Esta mañá erguinme perfectamente, coma calquera outro día. Son unha persoa bastante normal e nestes momentos non hai na miña vida nada que me preocupe ou que me faga dano. Pois nada, levanteime e fíxen as miñas cousas. Todo coma sempre. Pero ao mediodía, cando volvin á casa do traballo, comecei a sentirme fatal. Entráronme unhas ganas de chorar, como xamais tivera. Non sei, no traballo non me pasara nada, chamei a miña familia e todos estaban ben. Non sei que me pasou, só quería chorar e chorar. Agora xa é tarde e quería ir para cama, pero non podo. Teño moito medo, aínda me atopo moi incómoda, con esta angustia insoportable dentro de min. Espero que me respondan e que me poidan axudar. A ver se así podo durmir máis tranquila. Carla (Ourense)

II Dende hai unhas semanas teño unha sensación estraxisima, como se o lugar no que me atopo non fose o meu. Miro ao meu redor e, ás veces, teño visións dese sitio, pero é completamente diferente: hai moita vexetación e ruínas, non o espazo cheo de pavimentos e edificacións modernas que en realidade teño diante de min. Non o sei, os detalles son demasiado incomprensibles. Por (Santiago)

III Hai uns meses comecei a practicar. Un día, a miña concentración vira ese mesmo día e, de repente, a miña concentración foi máis rápida, pero inte...

FICHA 8

Moitos traballadores en situación de desemprego asisten aos cursos do Inem.

Compre xa o novo Fit-Form por tan só 49,90 €, IVE incluído, e recíbase na súa casa máis mesmo.

Fichas

FICHA 22

DECIDOFOBIA, O MEDO A ATOMAR DECISIÓNS

Un novo problema afecta ás sociedades desenvolvidas: o medo irracional á toma de decisións importantes. Coñécese cientificamente como decidofobia, termo acuñado por Walter Kaufmann en 1973. O que a padece experimenta un bloqueo na súa


mente, provocado polo medo a equivocarse, e iso impídelle posicionarse ante problemas de diferentes índoles. Non obstante, non podemos esquecer a importancia da toma de decisións como unha das responsabilidades do ser humano libre e independente.

Todo o mundo ten, nalgún momento da súa vida, dificultades para decidir. É por iso que os métodos que cada un de nós utilizamos para tomar decisións...



Solitarios
A moeda é típica dos impetuosos, daqueles que dispoñen de pouco tempo. É práctico, fácil de realizar e require pouco espazo. Pero só é posible no caso de que só haxa dúas opcións para existir. Trátase de asignar un valor a cada unha e, outra a cruz, lanzar a moeda... A contorna da súa vida?

FICHA 9



Fichas

FICHA 20

SECTORES PRODUCTIVOS

Sector primario

Sector secundario

FICHA 13

Ao ladrón!

A arte da estafa é case tan antiga coma o home. Non obstante, as técnicas empregadas foron adaptándose ás mudanzas que a sociedade experimentou nas diferentes épocas. Estas son algunhas das máis comúns na actualidade.

A estafa dos trileiros

Os estafadores escolten unha pelotita, un fichador ou algunhas fichas de máis de tres globos e co que se realiza o xogo que consistirá en tentar para despois se atopa a que nunca acertarás máis de cinco pelotitas. O estafador cobra cunha serie de chips ou fichas e faise que se unhas atropala da mesa e faise apostas, que sempre gaña, para intentar o público a seguir. É normal que o estafador deixe pagar a vítima algunha vez para sacarlle logo o máximo posible.

A estafa do billete marcado

Xeralmente realízase en cofres ou en tendas e require a presenza de máis dun estafador. O primeiro de máis dá un billete de bastante valor e, a continuación, o segundo estafador paga con billetes de menor valor. Cando lle dan o cambio, o estafador recólleno que non atopa un número de teléfono e, logo de coñecer o dependente desvéllelle o "curriculo".

A estafa do atropalo

O estafador desfilatase sobre un coche e faise que foi atropalado. O condutor, que adxura ser unha persoa maior, tenta atalar o soporte do coche mentres o condutor tenta socorrer o estafador.

A estafa do casino

O estafador bloquea con silicona a ranura polo que non os cartos e a moeda non pasan. Cando opeira nas proximidades. Cando unha ou varias persoas tentan o casino non é o estafador a ranura a silicona e tamén o diñeiro acumúlase. Faise unha variante que consiste en impulsar que o casino lle devolva a tarxeta do usuario. O estafador intercepta en como unha persoa presenciar un accidente, facilitándolle á vítima un teléfono ao que pode chamar. Cando este recibe a chamada, quen contorna en realidade é un cómplice do estafador, que obtén sen maiores problemas o número secreto da tarxeta e que lle comunica á vítima despois, o estafador extrae a tarxeta e xa está listo para usala.

A estafa do quentador

Aínda que esta estafa se pode levar a cabo con calquera electrodoméstico, o nome débese a que a vítima fixo

A estafa do mocho

Este truco ten lugar na súa posición orixinal e á reparación.

A estafa do billete

O estafador vólvese de cara para coñecer a súa moeda, é familiar. Logo, dirívese ao dependente e, por posta por un comprobante a súa moeda que o defrauto lle dá un billete de bastante valor. Cando se dá o billete, o estafador recólleno e, logo de coñecer o dependente desvéllelle o "curriculo".

Fichas

Pista 1

E que tal funciona?

Ben, vai perfecto. Ademais, é que é moi útil porque che fai masaxes nos pés, nas pernas, sobre todo no pescozo, que eu teño moitísimas molestias... O que che digo, para calquera parte do corpo... É increíble, eh!

E é fácil de usar?

Si, si, moi fácil. Enchúfase á corrente e xa está.

Ah, pois mira, igual compro un porque teño unhas dores nas costas...

Ai, pois recoméndocho moito, eh!

E é moi caro?

Non, non moito.

Pista 4

Pois é moi práctico. Serve para un montón de cousas: para amasar, para picar, para bater claras de ovo. Fai de todo.

E, ademais, non ocupa moito, non?

Non, que va! Ocupa moi pouco espazo. E vai moi ben, eh, de verdade. Onte fixen unha torta riquísima.

Pista 2

Que che parece?

É bonita, pero creo que con este vestido non che queda nada ben.

Pista 5

Que práctico, non? Así podes gardar as mantas, a roupa de inverno...

Si, é fantástico. Caben un montón de cousas. Ademais, como o meu cuarto non é moi grande... E mira que fácil se abre: levántase por aquí e xa está.

Que marabilla!

Pista 3

Mira o que nos regalou miña sogra!

Uf! Que feo, non?

Horroroso. Ademais, non sabemos nin para que serve.

Pois será para pór enriba da mesa, para deixar as chaves e iso, non?

Ti cres? Non sei... Eu pensaba que era un cinceiro ou algo así, aínda que na casa non fuma ninguén.

Pista 6

Pois é facilísima de usar. Ademais, non tes que poñer case aceite. Só pos un pouco de auga, as verduras, ou a carne, ou o peixe, ou o que queiras. E nuns minutos xa está: tes unha comida riquísima e moi sa.

Se alguén che di algo co que non estás de acordo, sempre expresas o teu desacordo do mesmo xeito ou falo de distintos xeitos, dependendo da persoa á cal te dirixes? Empregas expresións diferentes? Cambias o ton de voz? Es máis ou menos directo?

CONTEXTOS:

- Un profesor di che: “Non aprobaches o exame porque non estudaches.”
- Un compañeiro di che: “Non aprobaches o exame porque non estudaches.”
-

QUE DIS?


-
-
-

Parellas.... Á galega

MALIA PARECER que o desexo de formar unha familia e ter fillos era o obxectivo da maioría das persoas hai algúns anos, hoxe en día, aínda que isto siga sendo importante para moitos, o principal obxectivo da convivencia en parella é simplemente o de compartir a vida con esa persoa e aceptarse mutuamente. Parece tamén que a procura dunha seguridade económica a través da parella, feito moi frecuente no pasado, deixou de ser unha razón de peso entre os galegos. O acceso da muller á vida laboral eliminou en gran medida a necesidade de ter que pasar da “protección” do pai á do marido.

Atopar a media laranxa é, en moitos casos, froito da casualidade, a pesar de que as estatísticas reflicten que é moi probable o aparecemento desa persoa grazas a familiares ou amigos, ou mesmo que se poida tratar dun veciño. Parece ser que unha boa porcentaxe das parellas galegas estables se namorou pouco a pouco, mentres que moi poucos deben o seu amor a un frechazo. Sexa cal sexa a maneira da chegada do amor, a maioría das parellas afirma que foi o carácter do outro o que os fixo decidirse á hora de establecer a relación. Non obstante, moitos confesan que o aspecto físico é a calidade que máis pesa nun primeiro momento.

A maioría das parellas está de acordo en que os dous membros deben achegar a súa parte á relación e facela “cousa de dous”. Non só hai que recibir, senón tamén darlle ao outro. As relacións sexuais considéranse moi importantes dentro das parellas estables e case un setenta por cento cre que unha relación debe durar toda a vida, aínda que a porcentaxe diminúe canto máis alto é o nivel cultural dos enquisados. A infidelidade é algo que non tolera a maior parte dos galegos cunha relación estable, a pesar de que, de novo, esta porcentaxe baixa cando contestan as persoas menores de 35 anos cun nivel cultural alto.



www.estamosfartos.ga

Páxina inicial de actualidade Ferramentas Soporte Arquivo Produtos

Favoritos Historial Procurar Álbum Marcador de páxinas

O PORTAL PARA BERRAR CONTRA O QUE NON CHE GUSTA

www.estamosfartos.ga

- Estou farto dos meus veciños! Pola noite teñen a tele súper alta ata as tantas e non hai quen poida durmir. A xente debería saber vivir cos demais e, se non sabe, que marche e que deixe en paz os que necesitamos descansar.
- Estou farto do meu traballo. Detesto erguerme cada mañá para ir facer as mesmas cousas que levo facendo dende hai vinte anos.
- Ver a televisión é cada vez máis deprimente. É unha vergoña que nos tomen a todos por idiotas.
- Paréceme un absurdo ter que hipotecar a túa vida por uns cantos metros cadrados.
- É inconcibible que, nun lugar coma este, algúns cidadáns aínda non dispoñamos de servizos moi básicos só por non vivirmos nun gran centro urbano. É que acaso non pagamos os mesmos impostos ca os demais?
- Estou farto do meu xefe. Cre que pode dispoñer do meu tempo libre como a el lle peta. Que pasa logo coa miña propia vida?
- Estou farta de vivir cunha persoa que non me axuda en nada, que non entende que o baño non se limpa soíño e que pensa que o aspirador é só un obxecto de decoración.
- Estou farta de que en pleno século XXI os seres humanos cometamos os mesmos erros unha e outra vez e de que, ao parecer, a historia non nos ensinase nada.

Zona de Internet

A fin da parella do ano

A famosa cantante e modelo Eulalia Ferro participou nun coñecido programa do corazón no canal Vinte2 o pasado venres e destapou os segredos máis íntimos sobre a súa relación co empresario galego Pedro Núñez. Eulalia non dubidou en contar ante as cámaras os detalles da crise que parece estar tendo a parella dende hai case tres meses. En declaracións posteriores á entrevista, Pedro Núñez recoñeceu sentirse molesto coa modelo por sacar en público os trapos sucios da súa relación.

- Quen perdeu e non encontrou, co demo andou.
- Desde a fronte á bragueta, que o demo non se meta.
- O outono quente trae o demo no ventre.
- O que non fuma nin bebe viño, lévao o demo por outro camiño.
- Besta sen rabo, o demo a aparella.
- Cregos, frades, pegas e choias son do demo catro xoias.
- Do demo o dente que come a semente.
- Do demo a besta que non gaña a cebada.
- Mula con remoíña, o demo a tosquía.
- O boi que non quere beber auga, o demo lla faga beber.
- Ao cocho gordo o demo lle trae a fariña.
- A facenda do crego dálla Deus e lévalla o demo.
- A fariña do demo, todo se volve farelo.
- A leña de xesta, para acender, ten o demo na testa.
- Verzas que non has de comer, déixaas ao demo cocer.
- Entre folla e folla, veña o demo e escolla.

- I Esta mañá erguinme perfectamente, coma calquera outro día. Son unha persoa bastante normal e nestes momentos non hai na miña vida nada que me preocupe ou que me faga dano. Pois nada, levanteime e fixen as miñas cousas. Todo coma sempre. Pero ao mediodía, cando volvíñ á casa do traballo, comecei a sentirme fatal. Entráronme unhas ganas de chorar, como xamais tivera. Non sei, no traballo non me pasara nada, chamei a miña familia e todos estaban ben. Non sei que me pasou, só quería chorar e chorar. Agora xa é tarde e quería ir para cama, pero non podo. Teño moito medo, aínda me atopo moi incómoda, con esta angustia insoportable dentro de min. Espero que me respondan e que me poidan axudar. A ver se así podo durmir máis tranquila. Carla (Ourense)
- II Dende hai unhas semanas teño unha sensación estrañísima, como se o lugar no que me atopo non fose o meu. Miro ao meu redor e, ás veces, teño visións dese sitio, pero é completamente diferente: hai moita vexetación e ruínas, non o espazo cheo de pavimentos e edificacións modernas que en realidade teño diante de min. Non o sei, ocórrenme algunhas cousas máis, pero son demasiado incomprendibles. Por favor, alguén me pode axudar? Fernando (Santiago)
- III Hai uns meses comecei a practicar ioga e a probar técnicas de meditación. Un día, a miña concentración levoume á lembranza dunha rapaza que vira ese mesmo día e, de repente, sentín que estaba dentro dela. Foi unha sensación moi rápida, pero intensa. Non lle dei moita importancia, pensei que o imaxinara ou que fora un mero froito da suxestión. Non obstante, ao día seguinte notei como se a rapaza estivese dentro de min. Foi moi curioso, porque neses momentos eu non estaba meditando. Dende entón, polo menos unha vez á semana, teño a mesma sensación, sempre en momentos nos que estou só e relaxado. A alguén xa lle pasou algo parecido? Como o interpretan? Xulián (A Coruña)

Moitos traballadores en situación de desemprego asisten aos cursos do **Inem**.

Compre xa o novo Fit-Form por tan só 49,90 €, **IVE** incluído, e recíbaos na súa casa mañá mesmo.


As forzas da **ONU** espalláronse por diversos puntos do país para garantir a seguridade da cidadanía durante estas celebracións.

Antonio deixou o despacho de avogados. Agora é voluntario nunha **ONG** e está moi contento.

Os traballadores de **Renfe** anunciaron unha folga para o próximo día 22, o que sen dúbida afectará a millóns de cidadáns que adoitan usar o tren para acudir aos seus lugares de traballo.

O médico díxome que non teño nada importante, pero que me van facer un **TAC** a semana que vén para asegurarse.

Clara conseguiu o traballo a través dunha **ETT**. Deixou o currículo hai un mes e chamárona a semana pasada.

*Instantes*

Se puidese vivir novamente a miña vida, na próxima trataría de cometer máis erros. Non tentaría ser tan perfecto e relaxaríame máis. Sería máis tolo do que fun; de feito, tomaría moi poucas cousas con seriedade.

Sería menos hixiénico. Correría máis riscos, faría máis viaxes, contemplaría máis solpores, escalaría máis montañas, nadaría en máis ríos. Iría a máis lugares onde nunca fora, tomaría máis xeados e menos fabas, tería máis problemas reais e menos imaxinarios.

Eu fun unha desas persoas que viviron sensata e prolíficamente cada minuto da súa vida. Claro que tiveron momentos de alegría, pero se puidese volver atrás trataría de ter soamente bos momentos. Por se non o saben, diso está feita a vida, só de momentos, non perdan o agora.

Eu era un deses que nunca ían a ningún lado sen un termómetro, unha bolsa de auga quente, un paraugas e un paracaídas. Se puidese volver vivir, viaxaría máis lixeiro de equipaxe.

Se tivese outra vez a vida por diante, comezaría a andar descalzo a principios da primavera e seguiría así ata que rematase o outono. Daría máis voltas en carrusel, contemplaría máis amenceres e xogaría con máis nenos.

Pero agora xa teño 85 anos e sei que estou morrendo.

FICHA 11

Moitos telespectadores demandan que se eliminen das grellas televisivas todas as series violentas, insolentes e eróticas, que lles poden ofuscar as ideas aos nenos e terminar por enmarañalos ou trastornalos. Segundo os expertos en mercadotecnia, a crúa morbosidade e o sexo convertéronse ultimamente nos alicerces da maioría dos programas de televisión, polo que coidan que as canles non se basean nunha programación seria e responsable.

Os programas rosa, que se ocupan da vida dos famosos, creándoos e destruíndoos, abundan na televisión da actualidade. Estes espazos figuran entre os máis vistos cada día da semana e o número de espectadores dalgún deles supera mesmo o dos principais telexornais. Mentres que o telelixo segue medrando, moitos preguntámonos se temos o que merecemos ou se sempre seremos vítimas do mal gusto dos que deciden a programación das canles de televisión.

FICHA 12

- Antes de facer pagamentos ou de asinar documentos, asesórese por familiares ou persoas de confianza, lea a letra pequena e observe atentamente todo o relacionado coa data, as cantidades, os selos e a sinatura.
- Pídalles unha identificación ás persoas que vaian á súa casa para facer calquera reparación, revisión, cobros e entregas de premios. Verifique que as actividades que realizan son legais chamando á empresa.
- Desconfíe se alguén lle ofrece gañar cartos facilmente.
-
-
-
-
-
-
-
-
-
-

Ao ladrón!

A arte da estafa é case tan antiga coma o home. Non obstante, as técnicas empregadas foron adaptándose ás mudanzas que a sociedade experimentou nas diferentes épocas. Estas son algunhas das máis comúns na actualidade.

A estafa dos trileiros

Os estafadores ocultan unha pelotiña, un chícharo ou algo similar debaixo dun dos tres gobeletes cos que se realiza o xogo e que move moi axilmente para despistar as vítimas, que nunca acertan onde se atopa a pelotiña. O estafador conta cunha serie de cómplices (“os ganchos”) que se sitúan arredor da mesa e fan apostas, que sempre gañan, para incitar o público a xogar. É normal que o estafador deixe gañar a vítima algunha vez para sacarlle logo o máximo posible.

A estafa do caixeiro

O estafador bloquea con silicona a rañura pola que saen os cartos e espera nas proximidades. Cando unha ou varias persoas tentaron usar o caixeiro sen éxito, o estafador retira a silicona e tamén o diñeiro acumulado. Existe unha variante que consiste en impedir que o caixeiro lle devolva a tarxeta ao usuario. O estafador presentárase coma unha persoa interesada en axudar, facilitándolle á vítima un teléfono ao que pode chamar. Cando este realiza a chamada, quen contesta en realidade é un cómplice do estafador, que obtén sen maiores problemas o número secreto da tarxeta e que lle comunica á vítima que esta foi anulada. Un pouco despois, o estafador extrae a tarxeta e xa está listo para usala.

A estafa do quentador

Aínda que esta estafa se pode levar a cabo con calquera electrodoméstico, o nome débese a que a caldeira foi o

primeiro aparello co que se realizou. A vítima, que acaba de mercar un electrodoméstico, é seguida ata a súa casa, onde os estafadores se presentarán como empregados da tenda. Logo de comunicarlle que lle venderon un aparello en mal estado por equivocación e de lle facer asinar un albará para cambiálo por outro, desaparecen para sempre co electrodoméstico novo.

A estafa do atropelo

O estafador abalánczase sobre un coche e finxe que foi atropelado. O condutor, que adoita ser unha persoa maior, tenta axudar o suposto ferido, que o ameaza con denunciálo se non lle dá unha considerable suma de diñeiro. Ás veces, un colega aproveita para roubar dentro do coche mentres o condutor tenta socorrer o estafador.

A estafa do inspector

O estafador preséntase como inspector do servizo de augas (ou do gas ou da electricidade) para revisar o contador. Logo de facer a comprobación deste, solicita o último recibo pagado e comunica que hai algunha irregularidade co contador. Logo manipúlao e obrígalle á vítima a pagarlle a diferenza.

A estafa do antenista

Durante a noite, o estafador move as antenas de televisión das casas. A vítima non adoita sorprenderse cando aparece un home enfundado nun mono de traballo que vén solucionar o problema. Tras poñer

as antenas na súa posición orixinal, cobra a reparación.

A estafa do billete marcado

Xeralmente realízase en cafetarías ou en tendas e require a presenza de máis dun estafador. O primeiro paga cun billete de bastante valor e, minutos despois, o segundo estafador paga cun billete máis pequeno. Cando lle dan o cambio, asegura que o dependente se equivoca e comeza unha discusión. Cando chega o encargado, o estafador recorda que no billete anotou un número de teléfono ou un enderezo. Logo de comprobalo, o dependente devólvelle o cambio “correcto”.

A estafa da mancha

Este truco ten lugar na rúa. Un suxeito lanza sobre a roupa da vítima unha substancia que mancha e outro achégase para axudar. No breve momento de confusión provocado, os estafadores aproveitan para roubarlle á vítima a súa carteira.

A estafa da Biblia

O estafador válese das necrolóxicas para escoller a súa vítima que, nese caso, é familiar do falecido. Logo, diríxese ao domicilio deste e pregunta por el. Cando lle comunican a súa morte, o estafador di que o defunto lle encargara unha Biblia pouco antes de morrer. Os familiares poden chegar a pagar un prezo bastante alto polo que supostamente fora un dos últimos desexos do finado.

- 1 Foi co mozo á casa dos seus pais.
- 2 A clase de portugués é na aula 5.
- 3 Prefiro xantar antes das tres para cear máis cedo.
- 4 Voulle mercar unha caixa de bombóns.
- 5 Non podo ver nada sen as miñas lentes.
- 6 Creo que é de Baión, pero agora vive en Vigo.
- 7 Fixen todo o que me pediches, agás o informe pendente.
- 8 Tes que abrir este compartimento cun desparafusador.
- 9 Xoana traballa neste centro comercial, na sección de xoguetes.
- 10 Esta cana de pescar non é túa, senón de Carlos.
- 11 Aceptei este traballo por todo o que me contaches.
- 12 Cando vin o neno, ía cara á pista de choque.

OS MOD

O movemento mod (de modernismo) é un estilo de vida que se basea na música e na moda que se deron en Londres e noutras cidades inglesas entre os últimos anos da década de 1950 e a primeira metade da década de 1960. Os mod caracterizáronse especialmente pola súa música (con grupos como The Who), pola súa particular forma de vestir e de se peitear e polo seu medio de transporte favorito: as motos escúter.

As prazas son o contorno social onde fas amigos, onde te atopas con eles, onde hai nenos, maiores... Son a esencia da cidade.

Son coma os fillos, cada un ten o seu xeito de ser, pero queremos a todos.

Realmente es máis feliz cando non levas cartos enriba, dás unha volta cos amigos, sentas na praia e ves unha posta de sol.

Non sabemos valorar o que temos.

O que se fixo na costa galega é de tan mala calidade, de tan mal gusto e de tan mala construción que é horrible.

O importante é a cultura, que a xente faga ben as cousas porque lle sae de dentro.

Non temos perdón de Deus. É unha traxedia. Vaia herdanza lles estamos deixando aos nosos fillos!

Hai que gastar os cartos que require cada cousa, porque, ao final, o barato adoita saír moito máis caro.

PROCEDIMENTOS	Gustábase? Por que?	Recomendaríalo? Por que?
Ler fragmentos de novelas.		
Ler poesías.		
Ler textos xornalísticos.		
Memorizar táboa de conxugación de verbos.		
Ler en voz alta.		
Representar diálogos do libro de clase.		
Traducir textos.		
Escoitar cancións.		
Cantar.		
Repetir as frases ditas polo profesor.		
Facer ditados.		
Escribir textos no novo idioma.		
Escoitar as explicacións na súa lingua de uso habitual.		
Facer exercicios de gramática.		
Toda a clase na lingua que se está a aprender.		
Describir imaxes na nova lingua.		
Facer actividades en parellas ou grupos.		
Realizar todas as tarefas individualmente.		
Outros:		

PILAR LEVABA DEZ ANOS TRABALLANDO nunha empresa de publicidade moi importante. Ocupaba un posto como creativa e gañaba un bo soldo. Estaba moi ben considerada na empresa e gañara o respecto dos seus xefes e compañeiros. Alí coñeceu a Gabriel, que traballaba como recepcionista. Nada máis vérense, xurdiu o amor e aos tres meses xa estaban vivindo xuntos. Ao principio todo ía ben, pero logo comezaron os problemas. Pilar estaba moi pouco tempo na casa por causa das viaxes e das ceas de traballo. Moitas fins de semana quedaba con outros directivos para xogar ao golf e, algunhas veces, con algún cliente. Ela pedíalle a Gabriel que a acompañase, pero el negábase porque non se sentía a gusto neses ambientes. Comezou a dicirlle a Pilar que ela lle daba máis prioridade ao traballo ca á súa relación de parella. Ademais, el insistía en ter fillos, mentres ela pensaba que aínda non era o momento, que podían esperar un ano máis. A pesar de que as discusións eran cada vez máis frecuentes, os dous estaban moi namorados e seguían tentando que a relación funcionase.

Por outra banda, Carme, a irmá de Pilar, era tres anos máis nova ca ela. Sempre estiveron moi unidas, a pesar de que as súas vidas eran moi diferentes. Carme traballaba de administrativa e era moi caseira. Caíalle moi ben a Gabriel e moitas veces, durante as ausencias de Pilar, os dous quedaban para cear xuntos ou para ir ao cine. Un día ofrecéronlle a Pilar o posto de vicepresidenta na compañía, co que quedou moi emocionada e pensaba que era a oportunidade da súa vida. Cando llo comentou a Gabriel, este púxose furioso e deulle un ultimato: ou o posto de vicepresidenta ou a súa relación. Ela decidiu apostar pola relación e renunciou á vicepresidencia e a algúns proxectos para poder estar máis tempo na casa. Non obstante, as cousas entre os dous foron a peor. Pilar sentíase frustrada e, aínda que non llo dicía, cría que Gabriel sentía celos do seu éxito profesional. El sentíase culpable e só atopaba consolo en Carme, que o comprendía e o apoiaba, ademais de opinar que a súa irmá era unha egoísta.

Finalmente, Pilar e Gabriel separáronse; el foi vivir con Carme e Pilar decidiu cambiar de cidade e buscar outro traballo.

Pensa agora nunha resposta para estas preguntas:

1. Quen foi o máis culpable da separación? Por que?
2. Que lle reprocharías a cada un?
3. Que farías ti, de estar no lugar de cada un?

Equipo	Puntuación preguntas	Total	Puntuación respostas	Total
A				
B				
C				
D				

SECTORES PRODUCTIVOS

Sector primario

Sector secundario

Sector terciario

Diagram illustrating the productive sectors (SECTORES PRODUCTIVOS) and their sub-sectors:

- Sector primario** (Primary Sector):
 - _____
 - _____
 - _____
 - _____
 - _____
- Sector secundario** (Secondary Sector):
 - _____
 - _____
 - _____
 - _____
- Sector terciario** (Tertiary Sector):
 - _____
 - _____
 - _____

NOME DA EMPRESA:

FORMA XURÍDICA (SL, SA, COOPERATIVA):

NÚMERO DE SOCIOS/PROPIETARIOS:

DATA DE FUNDACIÓN:

PORTE/TAMAÑO:

ENDEREZO:

TELÉFONO:

ACTIVIDADE OU SECTOR PRODUTIVO:

PRODUTO OU SERVIZO:

NÚMERO DE EMPREGADOS:

TIPO DE CONTRATACIÓN DA MAN DE OBRA:

ÚLTIMO BALANCE ECONÓMICO: () POSITIVO () NEGATIVO

PROBLEMAS QUE TIVO:

ESTRATEGIAS PARA EVITALOS OU SUPERALOS:

BREVE DESCRICIÓN DA SITUACIÓN ACTUAL DA EMPRESA:

DECIDOFOBIA, O MEDO A TOMAR DECISIÓNS

Un novo problema afecta as sociedades desenvolvidas: o medo irracional á toma de decisións importantes. Coñécese cientificamente como decidofobia, termo acuñado por Walter Haufmann en 1973. O que a padece experimenta un bloqueo na súa

Todo o mundo ten, nalgún momento da súa vida, dificultades para decidir. É por iso que os métodos que cada persoa utiliza para tomar decisións difíciles son tan variados como pintorescos. Velaquí algúns dos máis empregados.

Compartidos

A opinión do máis alén: tarot, astros, lectura de mans, *feng shui*, interpretación dos soños... Todo vale para indicarnos o camiño que debemos seguir, o compás que guiará o noso destino.

Convocatoria de amigos: segundo algúns estudos, é a opción máis escollida durante a etapa da adolescencia e entre os trinta e os corenta anos. Organízase un xantar ou unha cea, faise unha exposición do problema e das posibles solucións, realízase unha votación e escóllese a máis votada ou, ás veces, para sorpresa de todos, a que non escollera ninguén.

mente, provocado polo medo a equivocarse, e iso impídelle posicionarse ante problemas de diferentes índoles. Non obstante, non podemos esquecer a importancia da toma de decisións como unha das responsabilidades do ser humano libre e independente.

Solitarios

A moeda: é típico dos impetuosos, daqueles que dispoñen de pouco tempo.

É práctico, fácil de realizar e require pouco espazo. Pero só é posible no caso de que só haxa dúas opcións para elixir. Trátase de asignarlle a unha a cara e, á outra, a cruz, lanzar a moeda e... A confiar na sorte!

Para os reflexivos, recoméndase escribir nun papel as vantaxes e as desvantaxes da decisión, analízalas e decidir aquela que ten máis puntos positivos.

Os reflexivos con menos tempo deben pensar na opción de maior risco, valorar as súas consecuencias e, se están dispostos a asumilas, entón a resposta é si.

